



Lingua e Literatura

SERIE **COMUNICA**

O libro Lingua e Literatura 2, para segundo curso de ESO, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

Ánxela Carril Caldelas
Paula Fernández Seoane
Paulo Filgueiras Fachal
Beatriz García Turnes
Luísa March Soler
Afonso Toimil Castro
Natalia Vázquez García

ILUSTRACIÓN

Jesús Aguado Gutiérrez

EDICIÓN

Paula Fernández Seoane

EDICIÓN EXECUTIVA

Afonso Toimil Castro

DIRECCIÓN DO PROXECTO

Ana María Guerra Cañizo

As actividades deste libro non deben ser realizadas en ningún caso no propio libro. As táboas, esquemas e outros recursos que se inclúen son modelos para que o alumno os traslade ao seu caderno.

UNIDADE	COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA			
	Competencia lectora	Comunicación	SABER FACER	Banco de textos
1 A narración e a descrición 7	<i>O talismán de ámbar</i> , LEDICIA COSTAS 8	A narración e a descrición 11	• Elaborar unha caricatura • Relatar unha anécdota 12	• <i>O gardián do bosque</i> , FERNANDO M. CIMADEVILA 21
2 A exposición 25	<i>Azar e coñecemento</i> , RODRIGO LUNA 26	A exposición 29	• Redactar unha entrada dunha enciclopedia • Expoñer os resultados dunha enquisa 30	• <i>A orixe do universo</i> , www.nationalgeographic.es • <i>A creación do mundo</i> 39
3 A exposición xornalística 43	<i>Bemposta, unha cidade para cambiar o mundo</i> www.disquecool.com 44	A exposición xornalística: a reportaxe 47	• Escribir unha reportaxe • Comentar unha noticia 48	
4 A exposición académica 63	<i>A mensaxe</i> , MANUEL NÚÑEZ SINGALA 64	A exposición académica: o informe 67	• Elaborar un informe • Explicar a lección 68	• <i>Informe do estado de saúde dos ríos galegos</i> , www.adega.gal 79
5 A exposición administrativa 83	<i>Hostal Providencia</i> , AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ 84	A exposición administrativa: a solicitude 87		• <i>Solicitudes</i> 95
6 A prescrición 99	<i>Un agasallo... con condicións</i> www.huffingtonpost.es 100	A prescrición 102	• Elaborar un manual de instrucións • Explicar normas de comportamento 103	• <i>Como elaborar...</i> , X. LÓPEZ GLEZ. e J. M. GARCÍA • <i>Montar en bicicleta...</i> , www.ocu.org 115
7 A argumentación 119	<i>Masculino plural</i> , GEMMA LIENAS 120	A argumentación 123	• Escribir unha crítica • Participar nun debate 124	• <i>Na cociña de noite</i> , LEDICIA COSTAS • <i>Apáganse os fogóns e acéndense os focos</i> , XOSÉ CASTRO ROIG 135
8 A argumentación xornalística 139	<i>O cambio de hora desta madrugada</i> , PEDRO J. PIQUERAS <i>A hora de Greenwich</i> , JESÚS MALLOL 140	A argumentación xornalística: a carta á dirección 142	• Escribir unha carta á dirección dun xornal 143	• <i>Humanidade insostible</i> , PABLO CAMBRONERO • <i>Circos sen animais</i> , JORGE J. HERNÁNDEZ • <i>Beirarrúas perigosas</i> , M. ^a J. SÁNCHEZ CARRASCO 151
9 A argumentación académica 155	<i>Pelé non sería hoxe unha estrela e tería problemas para moverse no campo</i> www.gciencia.com 156	A argumentación académica: a recensión 159	• Escribir a recensión dun libro • Elaborar un vídeo como <i>booktuber</i> 160	• <i>O principião, de Antoine de Saint-Exupéry</i> , TOMÁS RIVERA 173
10 A argumentación administrativa 177	<i>Servizo de información</i> , PAULA CARBALLEIRA 178	A argumentación administrativa: a reclamación 181	• Redactar unha reclamación • Solicitar a devolución dunha compra 182	• <i>Recomendación ao concello da Coruña...</i> , www.valedordopobo.gal 191
11 A publicidade (I) 195	<i>O misterio dos nomes dos letreiros</i> , PACO MARTÍN 196	A publicidade (I) 199	• Elaborar un cartel publicitario • Facer un anuncio para a radio 200	• <i>Anuncios</i> 209
12 A publicidade (II) 213	<i>A publicidade nas nosas vidas</i> 214	A publicidade (II): promotores e finalidades 217		• <i>Anuncios</i> 227
APÉNDICE	Modelos de conxugación verbal 234		Cadros gramaticais e de acentuación diacrítica 242	

FUNCIONAMENTO DA LINGUA			LINGUA E SOCIEDADE	EDUCACIÓN LITERARIA		
Vocabulario	Ortografía	Gramática		Literatura	SABER FACER	Banco de textos
- Seres míticos - A orixe do léxico (I) 14	Regras ortográficas xerais 15	A lingua e a súa organización 16		Os textos literarios 18	Transformar un texto narrativo en dramático 19	<i>O verme e o xenio</i>, J. SIERRA I FABRA <i>Quería ser gaivota</i>, A. GARCÍA TEJEIRO 20
- A ciencia - A orixe do léxico (II) 32	As maiúsculas 33	A oración. Modalidade oracional 34		A narrativa 36	Escribir un microrrelato 37	<i>As investigacións do avó</i>, FINA CASALDERREY <i>Fariñas animais</i>, MARILAR ALEIXANDRE 38
- A democracia - Palabras patrimoniais e cultismos 50	Regras xerais de acentuación 51	O suxeito. Oracións impersonais 52	O plurilingüismo. As linguas do Estado español 54	A novela 56	Recomendar unha novela 57	<i>En Florencia</i>, ANDREA MACEIRAS <i>Forxando unha lenda</i>, ANXO FARIÑA 58
- As crenzas - Os préstamos e os extranxeirismos 70	Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos 71	O predicado 72	O galego e a lusofonía 74	A narrativa de aventuras 76	Participar nun club de lectura 77	<i>Na illa Navalleira</i>, XABIER P. DOCAMPO 78
- A hostalaría - Os neoloxismos 88	Casos especiais de acentuación. A diérese 89	Os complementos e as súas clases 90		A narrativa de ficción científica 92	Analizar adaptacións cinematográficas de relatos de ficción científica 93	<i>Encontro cos lagartos</i>, XOÁN BERNÁRDEZ VILAR 94
- A telefonía - Os vulgarismos 105	O acento diacrítico 108	Os complementos do verbo (I) 106	Valoración social das linguas. Os prexuízos 109	O texto poético 112	Analizar a letra dunha canción 113	<i>Orballo</i>, MANUEL MARÍA <i>Material explosivo</i>, CARLOS NEGRO <i>Dengue</i>, ANA M.^a FDEZ. 114
- A igualdade - Os dialectalismos 126	Signos de cita: as comiñas e a raia 127	Os complementos do verbo (II) 128	O galego na actualidade 130	A poesía social 132	Escribir un poema de tema social 133	<i>Lingua</i>, DARIO X. CABANA <i>Lapidadas</i>, MARICA CAMPO <i>Buckets of Rain</i>, A. GARCÍA TEJEIRO <i>Ter un fillo sen patria</i>, MEDOS ROMERO 134
- O tempo cronolóxico - As relacións semánticas 144	Signos que delimitan incisos 145	Complementos do verbo e do substantivo 146		A poesía intimista 148	Elaborar unha antoloxía poética 149	<i>Saudade</i>, EDUARDO BLANCO AMOR <i>Todos os bebés</i>, XELA ARIAS <i>A miña avoa</i>, LEDICIA COSTAS 150
- O fútbol - Significado recto e figurado 162	Grupos consonánticos (I) 163	Oracións copulativas e predicativas 164	A normalización lingüística 166	Poesía e outras artes 169	Crear un caligrama e un poema visual 171	<i>Caligrama –fin de siècle–</i>, COLECTIVO RONSELTZ <i>A espiral da vida</i>, FRAN ALONSO <i>Un señor de Mourente</i>, ANTÓN CORTIZAS 172
- A administración - Significado denotativo e connotativo 184	Grupos consonánticos (II) 185	Oracións transitivas e intransitivas 186		A comedia 188	Escribir unha escena para unha comedia musical 189	<i>A medio camiño</i>, CÁNDIDO PAZÓ 190
- O comercio - Palabras tabú e eufemismos 202	<i>Por que, porque e porqué. Con que e conque</i> 203	Oracións con verbo pronominal 204		A traxedia 206	Recitar o texto dunha traxedia 207	<i>No xardín dos Capuleto</i>, WILLIAM SHAKESPEARE 208
- A publicidade - Abreviaturas e siglas 218	<i>Se non e senón. De máis e demais</i> 219	Análise da oración simple 220	A variación lingüística. Os rexistros 222	O drama 224	Elaborar o guión cinematográfico da escena dun drama 225	<i>O drama do cabalo de xadrez</i>, RAFAEL DIESTE 226

O libro de Lingua e Literatura de 2.º de ESO organízase en 12 unidades didácticas. As unidades presentan os contidos agrupados en catro grandes bloques: **Comunicación oral e escrita**, **Funcionamento da lingua**, **Lingua e sociedade** e **Educación literaria**.

As páxinas de inicio presentan os contidos que se van abordar ao longo de cada unidade e serven de entrada ao programa de Comunicación.

Ao longo do libro, nos distintos bloques, distínguense unha parte que combina a explicación teórica con actividades de desenvolvemento (**SABER**) e unha parte de aplicación práctica e competencial dos contidos (**SABER FACER**).

Cada un dos bloques en que se divide a unidade presenta un desenvolvemento particular dos contidos.



Texto de carácter comunicativo acompañado de preguntas motivadoras para comenzar la unidad.



1.ª parte. Comunicación oral e escrita

O bloque ábrese cun texto para traballar a **Competencia lectora**.





Sobre o texto inicial propõe-se unha **Comprensión e análise** que segue os parámetros PISA.


Ofrécese información sobre cada **tipo de texto**.



O **Saber facer** propón tarefas de expresión escrita e de expresión oral formuladas desde un enfoque competencial. Un **CD de Comunicación oral** servirá de apoio á páxina de Expresión oral.



Ao final de cada unidade, ofrécese unha páxina de **Banco de textos** que amplía este programa de Comunicación, con actividades de aplicación práctica dos contidos.



2.ª parte. Funcionamento da lingua

ICONAS DE COMPETENCIAS UTILIZADAS

- Comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Aprender a aprender
- Conciencia e expresións culturais
- Competencia dixital
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Competencias sociais e cívicas

Este bloque ábrese cunha páxina de **Vocabulario** temático e con información teórica sobre un fenómeno léxico.

VOCABULARIO

As crezas. Os préstamos e os estranxismos

As crezas son palabras que se usan para referirse a algo que é diferente do que se usa normalmente. Poden ser palabras de outras linguas ou palabras que se usan de maneira diferente.

Exemplos: **creza** (palabra de outra lingua), **creza** (palabra usada de maneira diferente).

Regras xerais de acentuación

As palabras se acentúan de acordo coa seguinte regra:

Se a palabra termina en **n, s, x**, acentúase na penúltima sílaba.

Se a palabra termina en **a, o, e**, acentúase na antepenúltima sílaba.

Se a palabra termina en **l, l, r**, acentúase na penúltima sílaba.

ACTIVIDADES

1. Clasificación de palabras

Clasifica as palabras seguintes en préstamos ou estranxismos.

Exemplos: **creza** (presta), **creza** (estranxismo).

RECURSOS

1. Recurso de palabras

Recursos de palabras para a actividade.

A continuación figura o programa de **Ortografía**, que ofrece como novidade en cada unidade un ditado gravado para que o alumnado comprobe se aplica a norma estudada correctamente.

3.ª parte. Lingua e sociedade

LINGUA E SOCIEDADE

1. O galego na actualidade

O galego é unha lingua que se fala en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco. É unha lingua que se fala en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.

LINGUA E SOCIEDADE

2. O galego na actualidade

O galego é unha lingua que se fala en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco. É unha lingua que se fala en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco.

Son habituais, neste e noutros programas, as referencias a **Recursos na Rede** que permitirán ampliar a información sobre diversos temas.

No bloque de **Lingua e sociedade** adquire grande importancia a información visual exposta a través de mapas, gráficos e cadros, que facilitarán a comprensión e incidirán no desenvolvemento de competencias analíticas por parte do alumnado.

LINGUA E SOCIEDADE

1. O plurilingüismo no Estado español

O plurilingüismo é a coexistencia de varias linguas nun mesmo territorio. En España, coexisten varias linguas: castelán, catalán, galego, basco, etc.


LINGUA E SOCIEDADE

2. O plurilingüismo no Estado español

O plurilingüismo é a coexistencia de varias linguas nun mesmo territorio. En España, coexisten varias linguas: castelán, catalán, galego, basco, etc.


4.ª parte. Educación literaria

O programa de **Educación literaria** está apoiado nunha coidada selección de textos que achegarán o alumnado a múltiples xéneros e fomentarán o seu interese pola lectura.




O **Saber facer** propón tarefas ligadas á creatividade que desenvolven técnicas diversas.

O **Banco de textos** de Literatura completa o programa engadindo maior diversidade e propoñendo actividades de aplicación dos contidos adquiridos.



Páxinas finais

A parte final da unidade comprende un **Banco de actividades** graduadas en dous niveis de dificultade que repasan os contidos da unidade. As dúas primeiras actividades inciden sempre na síntese e conceptualización dos contidos da unidade a través dun **resumo** e dun **esquema**.



O programa de **Lingua e fala** axudará os alumnos a superar diversos tipos de dificultades fonéticas. A sección está apoiada por modelos de pronuncia recollidos no **CD Comunicación oral**.

Por último, ofrécese unha **Avaliación da unidade** que revisa a adquisición de contidos e destrezas a partir dun texto.

1

A narración e a descrición A lingua e a súa organización Os textos literarios

Lingua

SABER

- A narración e a descrición
- A orixe do léxico (I)
- Regras ortográficas xerais
- A lingua e a súa organización

SABER FACER

- Comprender e analizar un texto
- Elaborar unha caricatura
- Relatar unha anécdota

Literatura

SABER

- Os textos literarios

SABER FACER

- Transformar un texto narrativo en dramático

Cando contamos un chiste ou explicamos algo que nos sucedeu, cando relatamos un conto ou transmitimos a última noticia que lemos, facémolo coa intención de dar a coñecer un suceso. E para iso eliximos como forma de expresión a narración. Pero cando o que queremos non é contar feitos, senón pintar con palabras aquilo que observamos, escollemos a descrición.

1 Responde.

- Que forma de discurso é a predominante nunha novela, nunha noticia ou nun conto? Por que?
- Adoitas atopar descrições nunha novela ou nun conto? Cando?

O talismán de ámbar

O lago Ladoga era unha extensión prateada de miles de quilómetros que brillaba coa intensidade dun corazón de escamas. Por riba das augas de papel de aluminio, unha cantidade inxente de illas deixaba asomar o seu lombo de terra, comportándose igual ca animais acuáticos **á espreita**.

Permanecían en absoluto silencio, pero estaban vivas. Na primavera, Katarina e o seu pai ían alí pescar. En realidade, ela rara vez conseguía centrarse nos peixes. Naquel lugar había demasiadas distraccións. Como as focas, que en ocasións asomaban a cabeza timidamente entre os anacos de xeo flotantes. A nena era quen de manter a mirada fixa na auga e permanecer atenta ao movemento máis leve durante horas, con tal de conseguir avistar unha foca. E logo estaban todas aquelas illas de contornos caprichosos. Katarina sentía que a observaban desde o interior do lago, coma se tratasen de dicirlle algo. Pero ela non lograba entender a lingua daquelas terras de auga. Mentres compartía os seus soños de infancia entre focas e illas, o seu pai dedicábase a encher o cesto coas capturas de troita e salmón.

Unha tarde de primeiros de maio, xusto despois do desxeo, cando unha agradable temperatura fundira xa case toda a neve da cidade, a nena estaba xogando na area a recoller os restos que arrastraban as mareas. Tiña auténtica debilidade polas **crebas**. Adicción á **nácara**.

–Papá –dixo coa mirada fixa no mar–, as pedras flotan?

–Que dis, Katarina?

–Mira! –exclamou estirando o seu brazo dereito–. Esa de aí si que flota.

Pero aquilo que sinalaba Katarina non era unha pedra.

–Ámbar! –dixo o pai, emocionado.

Daquela arremangou os pantalóns, meteuse na auga ante a mirada de sorpresa da nena e apoderouse daquel anaco dourado. Logo sentaron sobre a area para examinar a pedra preciosa. Cando Katarina descubriu a bolboreta atrapada no interior da gaiola de mel, quedou abraiada pola fermosura do conxunto e arrebatoulle o ámbar ao seu pai.

–Papá, é maxia!

–Sinto desilusionarte, filla, pero non é maxia. O ámbar provén da resina dos abetos. Esvara polo seu tronco paseniño ata chegar ao mar. Seguro que esa bolboreta estaba pousada na árbore cando a resina caeu sobre ela e non puido fuxir –Katarina non conseguía apartar a mirada do insecto–. Esa é a explicación científica. Pero existe outra moito máis interesante, que ten orixe nunha lenda moi antiga.



á espreita: vixiando con disimulo para non ser visto.

crebas: restos de naufraxios ou cargas dos barcos que o mar arrastra ata a costa.

nácara: material duro e branco con brillos de diferentes cores. Atópase na parte interior da cuncha dalgúns moluscos e utilízase para fabricar obxectos de adorno.

degoxaban: desexaban moito; anhelaban, ansiaban, cobizaban.

entullos: restos que arrastra unha corrente de auga.

–Que lenda? –preguntoulle a filla. Esa parte da explicación parecíalle moito máis atractiva.

–Iurati, unha deusa do mar de asombrosa beleza, habitaba no interior dun palacio de ámbar, no fondo do océano. Os seus ollos violeta en forma de améndoas e as escamas de cores que lle cubrían o corpo eran capaces de quitarlle o sentido a calquera deus. Moitos eran os que **degoxaban** por facerse co amor de Iurati, enfeitizados pola súa beleza. Arai, o deus das treboadas, tratou de seducila incendiando de luz o seu palacio co brillo dun lóstrego, pero ela non se deixou impresionar e rexeitouno. Furioso, Arai maldiciuna e condenouna a non amar xamais un mortal. Pero unha tarde de xuño Iurati viu o reflexo dun pescador proxectado nas augas e namorouse del sen remedio. Arai montou en cólera, desatou unha treboada de dimensións desproporcionadas e asasinou o pescador. Logo destruíu o palacio mariño e encadeou a Iurati aos **entullos** castigándoa por toda a eternidade. Desde ese día, a deusa do mar chora bágoas de pena. Esas bágoas son o ámbar que chega ata estas costas.



–Así que isto que teño entre as mans é unha bágoa da deusa Iurati. Que bonita é, papá!

–Si que é –confirmou o home–. O ámbar báltico é un dos máis prezados do mundo. Garda ben esa peza, Katarina. Non te separes nunca dela. Será o teu talismán.

–Que é un talismán?

–Un amuleto que te protexerá para sempre.

Katarina gardou o talismán no peto da súa saia e prometeu non separarse del xamais, pasase o que pasase. Desde aquel momento, sería unha parte dela. Unha especie de prolongación do seu corpo e da súa alma.

LEDICIA COSTAS,
Un animal chamado néboa (adaptación)

SABER MÁIS



Leticia Costas (Vigo, 1979) estudou Dereito e exerce de avogada. É autora de obras narrativas como *O corazón de Xúpiter* (2012, Premio Neira Vilas), *Recinto gris* (2014), *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014, Premio Merlín de Literatura Infantil e Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2015) e *Un animal chamado néboa* (2015), ao que pertence este fragmento. Ademais, forma parte do colectivo Poetas da Hostia e ten publicado o poemario *Xardín de Inverno*.

Actualmente coordina a publicación dixital *Criaturas*, dedicada á literatura infantil e xuvenil de Galicia, e é membro da directiva de GÁLIX.

Comprender e analizar un texto

Obter información

1 Responde.

- A que ían ao lago Katarina e o pai?
- Que adoita facer Katarina? Que atopa flotando na auga?
- De que material está feito, segundo a explicación científica?
- Que é, segundo a lenda?
- Por que ten dentro unha bolboreta?
- Por que o garda Katarina?

2 Explica con que se comparan as illas do lago.

3 Corrixe estas afirmacións erróneas para que sexan acordes coa lenda que relata o pai de Katarina.

- Iurati é a deusa das treboadas.
- Pola súa enorme beleza, Iurati namora a todos os mortais.
- Arai condena a Iurati a non amar ningún mortal, pero ela namórase dun pastor.
- Arai castiga a Iurati incendiando o seu pazo cun lóstrego.
- O ámbar procede de pedras do destruído palacio de Iurati.

Interpretar o texto

4 Localiza no texto a secuencia descritiva e a secuencia narrativa.

- A secuencia narrativa contén, en realidade, dúas narracións, unha inserida na outra. Relaciona estas ilustracións coas dúas, fai un resumo de cada unha e ponlle un título.



5 Completa coa información que extraías do texto.

	Narración 1	Narración 2
Narrador		
Personaxes		
Lugar		
Tempo		

6 Explica o significado das seguintes expresións.

- Augas de papel de aluminio.
- Tiña auténtica debilidade polas crebas. Adicción á nácara.
- Atrapada no interior da gaiola de mel.
- Era capaz de quitarlle o sentido a calquera deus.

7 Deduce, a través dun dato do texto, onde está o lago Lagoda. Despois, localízao en *google maps* e elabora un breve texto sobre el.

Reflexionar e avaliar

8 Analiza o comportamento de Arai e relaciónao cos casos de violencia contra as mulleres.

- Como reacciona cando ve que Iurati non vai ser para el? Pasa algo así na vida real?
- Dirías que Arai considera que Iurati é da súa propiedade? Por que?

9 Estudos recentes mostran que moitos adolescentes valoran os celos como unha mostra de amor.

Organizade un debate con posicións a favor e en contra desta afirmación.

- No relato, os celos provocan morte e destrución. Explica que consecuencias teñen nas relacións reais.

A narración e a descrición

1 A narración

Na lectura inicial da unidade, o pai de Katarina cóntalle á rapaza a lenda da deusa Iurati; ese relato constitúe unha narración.

A **narración** é un tipo de discurso que se caracteriza por referir uns feitos, reais ou imaxinarios, vividos por uns personaxes.

As narracións presentan unha serie de elementos:

- A voz dun **narrador**, que xeralmente relata os acontecementos en 1.^a persoa se os protagoniza ou intervéñen neles, e en 3.^a persoa se os observa desde un punto de vista externo.
- Os **personaxes** que participan nos sucesos narrados. Poden ter un papel destacado (**protagonista/s**) ou secundario.
- O **espazo** e o **tempo** en que se sitúan os feitos.
- A historia ou conxunto de sucesos. Á hora de ser relatados, eses sucesos organízanse dun certo xeito, constituíndo unha **trama**. Esta adoita estruturarse en tres partes: a **presentación**, en que se introducen os personaxes e se ambienta a acción no espazo e no tempo; o **nó**, en que se conta o que lles ocorre a eses personaxes (xeralmente, un suceso altera a súa situación inicial e obrígaos a reaccionar); e o **desenlace**, en que se resolve o conflito.

2 A descrición

Na lectura inicial, o pai de Katarina presenta o personaxe de Iurati facendo unha descrición da súa beleza.

A **descrición** é un tipo de discurso en que se presentan os trazos característicos de algo ou de alguén.

En virtude da perspectiva adoptada, as descricións poden ser de dous tipos:

- **Descricións obxectivas:** nelas, os trazos do elemento descrito ofrécense desde un punto de vista neutro, sen emitir opinións sobre eles.
- **Descricións subxectivas:** neste tipo, o emisor presenta as características que máis lle interesan daquilo que está a describir, e inclúe ademais valoracións e impresións persoais sobre elas.

3 Trazos lingüísticos dos textos narrativos e descritivos

- Nos textos narrativos abundan os **verbos**, xeralmente en **pasado** porque se relatan feitos que xa sucederon. Tamén son frecuentes os **marcadores temporais** que van pautando o avance da acción.
- Nos textos descritivos abundan os **adxectivos** e os **verbos atributivos**. Ademais, é frecuente que se empreguen **comparacións** e **metáforas**.

SABER MÁIS

Textos, contextos e finalidades

Como ocorre con todos os tipos de textos, a forma das descricións e das narracións depende en gran medida do obxectivo con que se crean e do contexto en que se van usar.

Cando un xornalista escribe unha narración para informar duns feitos, constrúe unha noticia; cando unha escritora quere facer gozar os lectores cunha historia, escribe un conto ou unha novela; nos dous casos, os textos resultantes son narracións, pero a súa forma é distinta.

Do mesmo xeito, non se describe igual unha paisaxe para espertar nos lectores o desexo de visitala que para informar das características do seu terreo e vexetación nun libro de ciencias.

Elaborar unha caricatura

Cando, ao retratar unha persoa, se presentan os seus trazos de forma esaxerada co obxectivo de ridiculizala ou deformala, o resultado é unha caricatura. As caricaturas poden ser gráficas, pero tamén existen textos descritivos caricaturescos.

A continuación, propoñémosche que te inspires nunha caricatura literaria para despois elaborar ti o teu propio retrato caricaturesco. Faino seguindo os pasos que se indican.

Planificación

- 1 Le a caricatura das irmás Carabullo que aparece na obra *O castaño de abril*.



Olegaria e Berenguela asemellábanse unha á outra como dúas gotas de auga. Eran, sobre todo, dúas mulleres longas e fracas coma o pau de remexer as tripas. [...] A beleza non tiña espazo nos seus rostros. Nos queixos afiados medráballes algún que outro pelo negro, e os seus narices curvos e estreitos estaban adobiados con senllas verrugas. Tiñan boca de serpe, ollos de rato e orellas de macaco. Vestían completamente de negro, deixando só á vista, entre o final da saia e os calcetíns, unhas pernas osudas das que sobresaían os xeonllos, coma se dunhas olivas atravesadas por escarvades se tratase.

- 2 Fíxate nalgúns dos recursos que se empregaron na caricatura anterior.

- Comparación: establecer unha relación de semellanza entre dous elementos.
«[...] longas e fracas coma o pau de remexer as tripas».
- Hipérbole: expresar algo dun modo esaxerado.
«A beleza non tiña espazo nos seus rostros».
- Animalización / cousificación: atribuírle a unha persoa trazos de animais / cousas.
«Tiñan boca de serpe, ollos de rato e orellas de macaco.» / «[...] sobresaían os xeonllos, coma se dunhas olivas atravesadas por escarvades se tratase».

- 3 Elixo agora unha destas imaxes para elaborar a partir dela a túa caricatura.



Redacción

- 4 Redacta a caricatura seguindo estes pasos.

1. Anota as características que observas na persoa retratada.
2. A continuación, selecciona aqueles trazos que che parezan especialmente singulares e descríbeos utilizando algúns dos recursos expostos na actividade 2: compáraos con outro elemento, exprésaos de forma esaxerada, relaciónaos cunha característica dun animal ou cousa...

Corrección e edición

- 5 Comproba que a descrición que elaboraches está ben redactada e puntuada, e que non contén faltas de ortografía. Despois, compártea cos compañeiros e comprobade que, ao lela, se recoñece a imaxe que se tomou como referencia.

➔ SABER FACER EXPRESIÓN ORAL

Relatar unha anécdota

Todos vivimos algunha experiencia peculiar que nos apeteceu compartir cos demais porque a consideramos interesante, curiosa, ou mesmo cómica. As narracións breves en que se relata un suceso de carácter singular denomínanse **anécdotas**. Seguro que todos vós tedes moitas anécdotas divertidas que compartir. Nesta unidade propoñémosvos que exercitedes os vosos dotes de narradores para relatalles esas anécdotas aos compañeiros dun xeito ameno e atractivo. Animádesvos?

Escoita e analiza



- 1 Escoita e explica o que ocorre na gravación empregando estas palabras.
 - vivencia
 - curioso
 - estival
 - divertido
 - radioínte
- 2 En que situación se atopaba cada oínte cando viviu a experiencia relatada? Contesta.
 - Onde se atopaba?
 - Quen o acompañaba?
 - Que estaba a facer?
- 3 Cal é o feito clave que converte cada anécdota nun relato divertido? Marca.

ANÉCDOTA 1



- ☐ Dous mozos fotografan ras.
- ☐ Alguén sofre unha caída inesperada.

ANÉCDOTA 2

- ☐ Confunden un globo cun ovni.
- ☐ Aparece un globo coa forma da cabeza de Mickey Mouse.

Agora faino ti

- 4 Pensa nalgunha experiencia curiosa e divertida que vivises, relacionada con algunha destas situacións.



- 5 Planifica o xeito en que vas contar a anécdota respondendo estas preguntas.
 - Como comezarás o relato para captar a atención dos compañeiros?
 - Que datos iniciais vas proporcionar (sobre o lugar, a situación en que te atopabas, as persoas con quen estabas, etc.) para que entendan ben o que lles vas narrar?
 - Cal é o momento que che parece máis divertido e que vas converter na parte central do relato?
- 6 **TRABALLO COOPERATIVO.** Xúntate cos compañeiros e compañeiras que van contar anécdotas relacionadas coa mesma situación que ti escolliches. Ide relatando as anécdotas un e un, respectando o seguinte esquema.

Presentación

Introduce de xeito atractivo a anécdota que vas contar.

Ambientación

Explica en que situación te atopabas.

Relato

Narra a experiencia divertida que viviches.

- 7 Comentade entre todos o resultado das vosas narracións: Entendeuse o que se relataba? As anécdotas foron breves e entretidas? A forma de contalas foi amena? Suxeride os aspectos en que se poderían mellorar.



Seres míticos. A orixe do léxico (I)

1 As seguintes palabras refírense a seres míticos.



Relaciona cada vocábulo coa ilustración que a representa. Se che cômpre, utiliza o dicionario.

1. serea

2. fauno

3. trasno

4. gnomo

5. centauro

6. troll

7. lobishome



2 Indica de quen se trata en cada caso.

Sacaúntos

Pedro Chosco

Nubeiro

Meiga

Tardo

Xacio

Eu teño poderes para adiviñar o futuro.

Vou facer durmir estes nenos deseguida.

Eu dedícome a asustar os nenos. Fágolle competencia ao home do saco.

Un día destes armo unha boa treboada.

Eu vivo nas profundidades do río.

Eu provócolles pesadelos ás persoas cando dormen.

► Localiza información en Internet ou no *Dicionario dos seres míticos* e fai unha descrición de cada un destes personaxes.

O galego é unha lingua románica, é dicir, procede do latín. Polo tanto, a maior parte do léxico que empregamos hoxe provén desta lingua. Exemplos:

latín	galego
NOCTE	noite
MIRABILIA	marabilla

3 Moitos vocábulos do léxico gardan certa semellanza co termo latino de que proceden. Substitúe as palabras latinas destes enunciados polas galegas.

- Sentou na CATHEDRA e púxose a FACERE os deberes.
- Non tiveron TEMPU de SALUTARE a túa GERMANA.
- Este ANNU houbo moita GENTE na FERIA de APRILE, en Andalucía.

4 Hoxe en día seguen a usarse expresións latinas.

Localiza no dicionario en Rede da RAG (Real Academia Galega) as seguintes, indica o seu significado e escribe unha oración con cada unha.

- *ex professo*
- *in albis*
- *vox pópuli*
- *grosso modo*
- *a posteriori*

Regras ortográficas xerais

1 Sons e letras. Representación dos sons

A maioría dos sons en galego represéntase cunha soa letra ou cun dígrafo e a maior parte das letras correspóndese cun único son. Con todo, hai excepcións a esta norma; por exemplo, a grafía *c* representa dous sons diferentes: o son K en *can* e o son Z en *cen*. E o son R forte represéntase coa letra *r* en *ra* e co dígrafo *rr* en *terra*.

No cadro móstranse os sons que se representan con varias letras.

Sons	Letras e dígrafos	Uso de cada letra e dígrafo
K (casa)	c, qu, k	- c ante <i>a, o, u</i> (<i>casa, copa, cuba</i>), ante consoante (<i>clase, cribo</i>) e ao final de palabra (<i>cómic</i>). - qu ante <i>e, i</i> (<i>quente, quinto</i>). - k en palabras de orixe estranxeira (<i>kiwi, anorak</i>).
G (galo)	g, gu, gü	- g ante <i>a, o, u</i> (<i>gato, gol, gume</i>) e ante consoante (<i>graxa, globo</i>). - gu ante <i>e, i</i> (<i>guerra, guía</i>) e gü ante <i>e, i</i>, para marcar que se pronuncia o <i>u</i> (<i>pingüín, lingüeta</i>).
Z (zoco)	c, z	- z ante <i>a, o, u</i> (<i>zapato, zoo, zume</i>) e ao final de palabra (<i>paz</i>). - c ante <i>e, i</i> (<i>cebola, cine</i>).
R forte (roda)	r, rr	- rr cando vai entre vogais (<i>carro, torre</i>). - r nos demais casos (<i>tenro, rubio</i>).
B	b, v	b ou v, segundo os casos (<i>abelá, voda</i>).

RECURSOS NA REDE

Dicionario de pronuncia da lingua galega

O Dicionario de pronuncia da lingua galega (www.ilg.usc.es/pronuncia) ofrécete a posibilidade de escoitar a realización fonética de moitísimas palabras galegas. Serache de grande axuda para saber como se pronuncian, por exemplo, as vogais de grao medio *e, o* en posición tónica e pretónica (*festa, centola; sorte, fontaña*) ou os dous sons que representa a grafía *x* (*reflexo, xoves, sufixo, xoaniña...*).

ACTIVIDADES

1 Completa con *c, qu* ou *k*.

- *i* e re*olleu un *iwi* e *aera no *amiño e gardouno no peto do anora*.
- O actor a*udiu á gala *un fra* novo do trin*.
- A miña *urmá *oncha *edou *inta na *arreira de dez *ilómetros.

2 Conxuga o presente de indicativo e de subxuntivo dos seguintes verbos e explica que cambios ortográficos se producen na raíz.

- buscar
- traducir
- acougar

3 Completa cada palabra e o seu derivado con *c* ou *z*.

- velo* → velo*idade
- efica* → efica*ia
- vera* → vera*idade
- suspica* → supica*ia

- Engade tres pares de palabras máis que exemplifiquen o cambio que se produce.

4 Forma, a partir de cada palabra, un verbo cos prefixos *en-* ou *a-* e mais a terminación *-ar*.

- reixa
- rolo
- risco
- rubio
- ruína
- rabia
- rebolo
- raíz

- Explica que cambio ortográfico se produciu e en que palabras.

5 Exemplifica, con palabras distintas das do cadro, a representación do son G.

6 Completa con *b* ou *v*. Se che cómpre, usa o dicionario.

- *oitre
- mara*illa
- es*azar
- mó*il
- re*entar
- es*elto
- *arredor
- gra*ar
- pa*illón
- *e*ida
- a*sor*er
- tre*o
- *isa*oa
- su*traer
- a*ogado
- a*eleira

7 Escoita o ditado e escríbeo no caderno.

A lingua e a súa organización



Claves para empezar



- Cal é a unidade lingüística superior? E a máis pequena?
- Que diferenza hai entre unha frase e unha oración? Pon exemplos.
- Que clases de palabras coñeces? Cales son variables? E invariables?

1 A linguaxe e as unidades lingüísticas

A **linguaxe** é un sistema de comunicación que nos permite intercambiar ideas, sentimentos e experiencias empregando un número limitado de sons. Trátase dun sistema que está organizado en varios niveis de complexidade. Vexamos cales son estes niveis:

Os textos	As mensaxes orais e escritas que intercambiamos ou recibimos nun acto de comunicación (un anuncio, un conto, unha carta...) constitúen textos.
Os enunciados	Cada texto organizase como un conxunto de enunciados. Un exemplo de enunciado é, por exemplo, <i>O móbil de Iria saca fotos moi boas</i> .
As palabras e os sintagmas	Cada enunciado contén unha ou varias palabras que se organizan en grupos, que chamamos sintagmas: <i>o móbil de Iria</i>, <i>fotos moi boas</i>. A palabra máis importante do sintagma constitúe o seu núcleo. • Se o núcleo é un substantivo, o grupo é un sintagma nominal. Exemplo: <i>o móbil de Iria</i>. • Se o núcleo é un verbo, o grupo é un sintagma verbal. Exemplo: <i>saca fotos moi boas</i>.
Os sons	As palabras están formadas por sons, que na escrita representamos mediante letras.

2 Os enunciados e as súas clases

Os **enunciados** son conxuntos de palabras cos que expresamos unha idea en forma de pregunta, afirmación, exclamación... Para recoñecer os enunciados, debemos ter en conta que ao final de cada un se produce unha pausa na lingua falada, que se transcribe na escrita cun punto ou cun signo de peche de interrogación ou de admiración.

Os enunciados clasifícanse en oracións e frases:

- As **oracións** conteñen un ou máis verbos en forma persoal. Exemplo: *Se mañá vai sol, iremos de excursión ao monte*.
- As **frases** non conteñen ningún verbo en forma persoal. Exemplo: *Un café, por favor!*



PRESTA ATENCIÓN

Linguaxe e lingua

- A **linguaxe** é a facultade que lles permite aos seres humanos comunicarse entre si mediante o uso de signos verbais.
- A **lingua** é o idioma concreto que comparte unha comunidade de falantes.

3 As palabras

As **palabras** son conxuntos de sons aos que lles damos un significado.

- A maioría das palabras teñen un **significado léxico**, é dicir, designan un ser (*nenos*), unha calidade (*curioso*), unha acción (*ler*)... Pero hai outras palabras, como *o*, *para*, *por*... que só teñen un **significado gramatical**.
- Ademais, as palabras poden ser **variables**, se admiten formas distintas (*sol*, *soles*; *cidadán*, *ciudadá*, *ciudadáns*, *ciudadás*; *solicitar*, *solicitou*, *solicítaren*, *solicitaches*...), ou **invariables**, se non varían (*ou*, *mañá*, *abaixo*, *pero*, *porque*...).

4 Principais clases de palabras

O significado, a forma e a función que as palabras desempeñan na oración permítennos clasificalas en distintas categorías: substantivos, adxectivos, verbos, adverbios, pronomes... Imos lembrar cada unha destas categorías:

Clases de palabras		
Variables	Substantivos	Son palabras que designan persoas, animais, cousas, sentimentos ou ideas. Exemplos: <i>mestre, can, amor</i> . O substantivo funciona habitualmente como núcleo do sintagma nominal.
	Adxectivos	Son palabras que se refiren a un substantivo, destacando unha propiedade súa ou limitando a súa extensión. Exemplos: <i>suave, intelixente</i> . A súa función básica é a de complemento do nome.
	Determinantes	Son palabras que se colocan diante do substantivo para precisar e determinar o seu significado. Desempeñan a función de determinante os artigos (<i>o, a, os, as</i>), os demostrativos (<i>este, ese, aquel...</i>), os posesivos (<i>meu, noso, seu...</i>), os numerais (<i>dous, primeiro...</i>) e os indefinidos (<i>moitos, calquera...</i>).
	Verbos	Son palabras que expresan accións, estados ou procesos situados nun tempo determinado. Exemplos: <i>corrían, foron, envelleceron</i> . Os verbos funcionan como núcleo do sintagma verbal.
	Pronomes	Son palabras de significado persoal (<i>eu, nós, elas...</i>), demostrativo (<i>este, ese, aquel...</i>), posesivo (<i>meu, súa...</i>), numeral (<i>sete, oitavo...</i>), indefinido (<i>alguén, ningún...</i>), que se refiren ás mesmas entidades ca os substantivos. Os pronomes equivalen a un substantivo e, daquela, funcionan como núcleo do sintagma nominal.
Invariables	Adverbios	Son palabras que designan circunstancias de lugar, modo, tempo ou cantidade, ou expresan afirmación, negación ou dúbida. Exemplos: <i>aquí, axiña, onte, máis, abofé, non, quizais</i> . A súa función é complementar un verbo, un adxectivo ou outro adverbio.
	Elementos de enlace	Permiten unir palabras ou ideas. Son elementos de enlace as preposicións (<i>a, con, de...</i>) e as conxuncións (<i>e, pero, ou...</i>).
	Interxeccións	Son palabras especializadas en expresar mensaxes exclamativas, polo que adoitan escribirse acompañadas dun signo de admiración. Poden comunicar sentimentos de dor, alegría, sorpresa... Exemplo: <i>ai!, ei!, ah!, oh!, ó!, eh!...</i>

ACTIVIDADES

- 1 Escribe un pequeno texto relacionado coa seguinte ilustración, que cumpra estes requisitos:
- Que teña como mínimo seis enunciados.
 - Que un deles sexa unha frase.
 - Que todas as clases de palabras estean representadas.



- 2 Especifica a clase (substantivos, adxectivos...) á que pertencen as palabras dos seguintes enunciados.
- Quizais alguén viu o meu compás novo e o gardou sen querer?
 - Mañá ás nove da mañá comezan as rebaixas.
 - Oxalá este curso o pasemos moi ben porque o ano pasado foi marabilloso.
- Clasifica as palabras anteriores en variables e invariables.
- Indica cales das palabras anteriores teñen significado léxico e cales gramatical.

**Lembra**

Os textos son mensaxes que poden ter diversas finalidades: informativa, expositiva, instrutiva...

Os textos literarios caracterízanse pola súa función estética ou poética e pola súa capacidade para recrear mundos imaxinarios.

SABER MÁIS**Narracións en verso**

Existen textos que combinan elementos da lírica e da narrativa.

Os **poemas épicos** ou **epopeas** están escritos en verso con recursos propios da poesía, pero narran feitos relacionados con fazañas de heroes ou coa orixe e a historia dun pobo. Unha famosa epopea é *A Odisea*, que narra a viaxe do heroe Ulises.

Os **romances** son poemas que seguen unha estrutura narrativa (presentación, nó e desenlace) e relatán sucesos e historias variadas e, ás veces, inclúen diálogos.

Exemplo:

*Polas areas da praia
cando o sol xa non ten forza,
anda descalza entre escumas
Grandemar, a soñadora.
Leva a súa vista na area
e o pensamento nas ondas,
camiña devagariño
arrastrando a sombra.*

*—Que procuras coa mirada,
Ouh, raíña sen coroa?
—preguntan centos de voces
que encima dela revoan.*

... [...]

ANTÓN CORTIZAS

Os textos literarios**1 Os textos literarios**

Os **textos literarios** son manifestacións artísticas que utilizan a palabra como medio de expresión. A súa principal finalidade é entreter e fano con gran variedade de temas e formas. Tendo en conta os trazos que son comúns entre as obras, estas poden clasificarse en grupos denominados xéneros.

2 Os xéneros e os subxéneros literarios

Os **xéneros literarios** son categorías amplas en que se agrupan as obras literarias. Serven como modelo de creación aos autores e proporcionanlles aos lectores unha orientación sobre o contido e a forma da obra. Tradicionalmente, establécense tres grandes xéneros: a narrativa, a lírica e o teatro.

- O **xénero narrativo** inclúe as obras en que unha voz narradora relata as accións duns personaxes e os feitos que estes viven nun tempo e nun lugar determinados. Case sempre conteñen diálogos dos personaxes. A maioría dos textos narrativos están escritos en prosa. Neles distínguense varios subxéneros: o **conto**, a **novela**, a **lenda**, a **fábula**... dependendo do tema que traten, da súa extensión ou do tipo de protagonistas.

Aquela noite deiteime cos ollos ben abertos, apreixando na man o coitelo de matar os carneiros. O reloxo do comercio tardou tanto en dar as dúas que fun vencido polo sono... Cando espertei batía o sol no lombo da Pampa. O inglés salvárase de milagre.

CASTELAO, *Retrincos* (adaptación)

- O **xénero lírico** ou **poesía** inclúe os textos (xeralmente en verso) caracterizados pola presenza dunha voz poética que expresa emocións e pensamentos; estes sentimentos non teñen que ser reais, nin identificarse cos do autor. Nas obras poéticas a linguaxe é moi expresiva e rítmica, e utilízanse moitos recursos estilísticos (metáfora, paralelismo, personificación...).

*Ergue o teu corazón até as estrelas!
A inmensidade é leda coma un neno!
Ademais, dende elas,
o mundo é tan pequeno!*

RAMÓN CABANILLAS, *A rosa de cen follas* (adaptación)

- O **xénero dramático** ou **teatro** constitúeno os textos concibidos para seren representados ante un público. Teñen forma de diálogo directo entre personaxes e inclúen indicacións (anotacións) para a representación. Segundo o tema que traten, hai varios subxéneros: a **comedia**, a **traxedia** e o **drama** ou **traxicomedia**.

*EMPERADOR: Seguro que non o dis por compromiso?
SABIO CITRÓN: Vós que me coñecedes ben sabedes que son sincero e transparente coma a auga.
ESCRAVO: (Entrando.) Si, coma a auga de fregar.*

M. NÚÑEZ SINGALA, *O achado do castro* (adaptación)

Salitre

(Manuel saca dun peto un sobre e ensínallo á gaivota.)

MANUEL: Un sonho e unha carta ao ano é todo o que teño de Mariña. Sempre tardo varios días en abril; é tanta a ilusión de recibila que paso días observándoa, esperando que dentro me diga que vai volver e, cando a abro, descubro que non volve. (Garda a carta no peto. A gaivota levanta e revoa pola escena. Parece descubrir algo e asústase, chora. Ao seu choro, únese o chío de máis gaivotas.) Que tes? Que te pon triste?

GAIVOTA: (Entre choros, ao público.)
Desapareceu o mar!...

XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN, *Salitre* (adaptación)

Outa mar

Encol do berce das augas
está o vento adormecido,
no ceo morno e cincento
ficou o día esquecido.

AMADO CARBALLO, *Obra completa*

Investigador

O mestre sorría lembrando a última clase cos alumnos. Preguntáralles que querían ser de grandes e a maior parte deles desexaba ser o que seus pais. Xenxo, non; el quería formarse para investigador. Carlos intentou disuadilo, era máis importante ser capitán dun barco, coma el. Pero Xenxo desexaba descubrir cousas novas e poñerlle o seu nome a unha estrela.

–Eu tamén llo podo poñer ao meu barco, que para iso serei capitán.

–Pero non has mirar as estrelas!

–Vereinas de noite no ceo e de día no mar.

–Eu... podo ir contigo no barco?

MARÍA CANOSA, *Do A ao Z con... Neira Vilas* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 Le e resume de que trata cada texto. Despois, xustifica a que xénero pertence cada un.
- 2 Fíxate ben no texto teatral e responde.
 - Cres que presenta unha situación cómica ou un drama? Por que?
 - Como se recollen as anotacións? Que informacións ofrecen?
- 3 Sinala os usos especiais da linguaxe no texto poético: métrica e recursos estilísticos.

SABER FACER



Transformar un texto narrativo en dramático

Ao pasar un texto do xénero narrativo ao dramático, terá que desaparecer a voz narradora e deberán aparecer anotacións para a representación da historia. Que tal se probas a facelo co texto narrativo da parte superior desta páxina?

- 1 Relé o texto e toma nota dos datos máis importantes para ter o argumento: que suceso recolle e onde ocorre, cantos personaxes participan e como son...
- 2 Localiza os diálogos e reescríbeos poñéndooos directamente na voz dos personaxes.
- 3 Escribe unha anotación introdutoria para presentar a escena e a localización dos personaxes, así como outras necesarias sobre accións, movementos, xestos, tons de voz...
Pensa en que lugar, entre o diálogo, van ir as anotacións. Inventa detalles que precises para enriquecer o texto.

- 4 Escribe finalmente o texto dramático a partir do material que fuches recollendo.
Revisa ben o uso dos signos ortográficos.
- 5 Contrasta o texto cos compañeiros: valorade os acertos e indicade en que podería mellorarse.



O verme e o xenio

Un verme triste e deprimido por ser precisamente o que era, un verme, arrastrábase por un deserto. Por se non fose pouco ser un verme e estar deprimido, mentres se achaba nunha substanciosa planta dun oasis próximo, un paxaro arrancara parte do talo e algunhas follas e levárao polo aire. Atinou a soltarse para non acabar nalgún niño; agora dábase présa para regresar antes de que fose tarde. Na súa carreira estaba cando se atopou con algo que sobresaía da area. Algo cun orificio de entrada. Ao introducir a cabeza por aquel buraco, comprendeu que era unha ánfora. E entrou.

A ánfora non era moi grande, pero cal foi a sorpresa do verme cando, no interior, cantareiro, encontrou un ser non moito maior ca el, tombado sobre o fondo.

–Quen es ti? –quixo saber.
–Eu? O xenio da ánfora! Non oíches falar de min?
–Non –respondeu o verme–. Vives aquí dentro?
–Que pregunta! Claro. Estase moi ben! Oes, meu –o xenio cruzouse de brazos–, caíchesme simpático. Se me pides tres desexos, concederéichos. Os xenios facemos sempre iso, sabes? O verme pensouno. Tres desexos? Que marabilla!

–Quero deixar de ser un verme. Quero ser... unha enorme bolboreta.



O verme agora bolboreta botou a voar feliz. Bateu as ás para chegar ao buraco da ánfora pero deuse de conta de que non podía pasar por el. Era demasiado grande.

–Xenio, terei que ser máis pequena se quero saír.

–Segundo desexo marchando! –cantou o xenio.

O verme, agora bolboreta, quedou convertido nunha pequena couza.

Xa podía saír polo burato da ánfora, pero... era ridículo. Unha couza anana.

–Se saio así, morrerei queimado por calquera luz. E ademais síntome horrible. Que podo facer?

–Volve ser un verme.

–De acordo.

E o xenio transformouna no que era ao comezo.

–Os tres desexos foron satisfeitos. Xa podes marchar. Reptou cara á saída sentíndose un pouco inxenuo. O xenio tomáralle os escasos peliños da súa cabeza. Pensou en volver entrar para pedir tres novos desexos, agora máis intelixentes. Non o fixo.

Continuou reptando cara ao oasis, para alcanzar o seu abeiro antes de que o sol quentase aínda con máis forza. –Ollo co que desexas, –dixo para si– porque podes conseguilo.

Quería ser gaivota

Quería ser gaivota
e voar.
Ser nube de algodón
e nadar.
Quería ser pincel
e pintar.
Mollarse nas cores
e manchar.

Quería ser o vento
e soprar.
Entrar polas ventás
e zoar.
Quería ver o xenio
e gozar.
Pedirlle tres desexos
e cantar.

J. SIERRA I FABRA e A. GARCÍA TEIJEIRO,
Contos e poemas para un mes calquera (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 Le o texto narrativo e explica que sucede, quen son os protagonistas e quen relata a historia.
- 2 En que subxénero narrativo incluírías *O verme e o xenio*: un conto, unha lenda, un mito ou unha fábula? Que elementos cho permiten deducir?
 - Explica a reflexión final que fai o protagonista. Cres que o texto permite extraer unha ensinanza?
- 3 Estes textos son dunha obra con dous autores. Un autor escribiu o relato e o outro creou o poema a partir del. Le o poema e explica cal é a relación que atopas co texto narrativo.
- 4 Escolle a opción coa que estás de acordo e xustifícaa.
 - ☐ No poema unha voz lírica expresa desexos.
 - ☐ No poema un personaxe conta como se sente.

O gardián do bosque

Cando o profesor Rinkin espertou, a criatura xa non estaba alí. Atopábase deitado sobre unha capa branda de carriza, un leito improvisado na foresta, oculto entre as raíces nodosas dunha árbore descomunal. Non recordaba como chegara até aquel lugar que, se ben estaba situado nun bosque, provocaba a sensación dunha enorme e misteriosa estancia creada por un capricho da natureza. As xigantescas árbores medraran arredor dun grande estanque de augas cristalinas, alimentado por un diminuto regato que se perdía na espesura. No alto, as súas pólas entrecruzábanse formando unha bóveda vexetal pola que centos de raios de sol se introducían para se lanzaren de cabeza á superficie do lago, que escintilaba con reflexos irisados. O profesor Rinkin achegouse á beira e viuse reflectido nas augas. Aínda vestía coas roupas de explorador da noite anterior, mais a súa face tiña un aspecto distinto. Era como se o cansazo e as olleiras que o traballo de despacho lle procuraran nos últimos meses desaparecesen. A pesar do lixeiro asomo de barba loura, o seu aspecto semellaba que mellorara polo menos dez anos. –Á fin acordaches –escoitou de pronto ás súas costas. Era unha voz profunda e poderosa e, no entanto, pausada e serena. Sen se atrever a dar a volta, Abel Rinkin observou polo reflexo da auga como unha figura xigantesca xurdía da espesura. Tiña un aspecto case humano... case.

–Non deberías entrar no bosque –continuou o xigante de barbas mestas e longas guedellas.

–Quen es? Onde me trouxeches? –preguntou o profesor.

–Son un gardián do bosque –respondede a criatura con orgullo.

A resposta espertou no profesor Rinkin lembranzas de algo que lera había tempo. Aquel ser parecía humano, pero unhas seis ou sete veces máis grande. Porén, a súa pelaxe compúñase de pólas e de carriza. Un dos seus pés era humano, mentres que o outro era como unha maraña de raíces dunha árbore que fora arrincada da terra.

–Es un basajaun, non si?

–O derradeiro da miña raza –respondede–. É posíbel que un humano aínda nos lembre?

–Lin varias lendas sobre vós en libros antigos –dixo o profesor–. Non sabía que aínda quedase algún gardián.

–Outrora eramos máis, mais fomos extinguíndonos a medida que desaparecían os bosques.

Os contos infantís edulcoran a realidade, con historias de trasnos simpáticos con olas cheas de ouro e fermosas fadas de gran bondade. Porén, o profesor Rinkin era un estudoso da auténtica mitoloxía e sabía que as criaturas feéricas eran moi perigosas. A súa existencia contradecía as leis naturais, pois non eran animal nin vexetal. Non discernían entre o bo e o malo. Eran inestábeis, impredicíbeis, poderosos e caóticos. Pertencían a un reino onde as leis científicas significan moi pouco e o concepto de vida ou morte carece de importancia.

–Temos que marchar –dixo o xigante, observando con nerviosismo ao seu redor–. Sígueme. Levareite cos teus.

–Podes levarme de volta a Avalon? –preguntou o profesor.

O basajaun virou a face con tristeza cara a Rinkin ao comprender que interpretara mal as súas palabras.

–Ninguén que abandone a seguridade do Sendeiro da Lúa e entre neste reino pode regresar xamais. Non volverás ver nunca aqueles que coñeciches.

–Non é posíbel... –choromicou o profesor–. Entón, onde me levas?

–Co resto –respondede o xigante–. Con outros seres que, coma ti, se perderon hai moito tempo.

FERNANDO M. CIMADEVILA, *O mundo secreto de Basilius Hoffman. A batalla por Avalon* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1 Que tipo de texto é este? Marca e xustifica a elección.
 - ☐ É un texto descritivo.
 - ☐ É un texto dialogado dunha obra teatral.
 - ☐ É un texto narrativo que incorpora tamén diálogos e descrições.
- 2 Localiza no texto unha descrición de lugar e unha en que se caracterice o aspecto físico dun personaxe.
 - Fíxate nos adxectivos empregados na descrición de lugar e, a partir deles, explica como é o espazo en que transcorre a acción.
- 3 Explica que é un ser mitolóxico. Despois, indica que ser mitolóxico se menciona no texto e cales son as súas características.




NIVEL I

1 RESUMO. Copia e completa o resumo destes contidos da unidade.



- A narración é _____. A descrición é _____.
- O galego é unha lingua _____, procede do _____. Palabras do noso léxico como _____ veñen desa lingua.
- A linguaxe é un _____ que permite _____. Está organizado en _____: _____, que son _____; enunciados, que son _____; _____ e _____; e _____, que representamos mediante _____.
- Os textos literarios son _____. A súa principal finalidade é _____. Os textos literarios poden clasificarse en _____ segundo os trazos que son comúns entre as obras. Os xéneros literarios son _____.

2 ESQUEMA. Copia e completa o esquema.



3 Completa cada palabra coas grafías ou dígrafos que faltan e relaciónaa co termo latino de que procede.

- | | |
|-----------|------------|
| *a*ón • | • ARBORE |
| san*e • | • RATIONE |
| *ra*a • | • ADVOCATU |
| a*o*ado • | • SANGUINE |
| ar*o*e • | • GRATIA |
| o*e*lla • | • AURICULA |

► Responde.

- Que sons representan as grafías e os dígrafos usados?
- Hai unha correspondencia letra-son? Explicao.

4 Completa os enunciados coas palabras do cadro. Despois, indica de que clase é cada unha e se son variables ou invariables.

a - coche - desde - ver - túa - quizais
avariado - saia - non - saia - longa

- _____ veña mañá _____ irmá.
- Foi _____ Santiago para _____ a catedral.
- O _____ está _____ a semana pasada.
- Aínda que _____ agora, _____ creo que chegue a tempo.
- A _____ que lle regalaron era _____.

5 Identifica todos os enunciados deste fragmento e clasifícaos en oracións e frases.

As dúas rapazas chegaran camiñando ata o final do parque e puxéronse a conversar.

–Disque na casa que está ao pé do río vive unha meiga.

–Que parvada! As meigas non existen.

–Seguro? Algunha xente di que viu algunha...

–Dirán. O falar non ten cancelas.

A muller só é un pouco rara vestindo; ten un nariz con personalidade e gústalle andar apañando herbas.


–Pois o outro día vina comprando linguas de sapo.

► Explica se o texto é narrativo ou descritivo.

6 Di se as palabras destes enunciados teñen significado gramatical ou léxico.

- | | |
|--------------------------------------|------------------|
| • Que xersei tan bonito! | • Ata mañá! |
| • Mañá celebrarán o seu aniversario. | • Aí, que susto! |
| • A nai de Helena é avogada. | • Boa sorte! |

7 Explica as características dos tres xéneros literarios estudados nesta unidade.



NIVEL II

- 1 Transforma as seguintes frases en oracións. Despois, explica a diferenza entre frase e oración.
 - A selección feminina de hóckey, cerca das semifinais.
 - Dentro de dúas semanas, eleccións municipais.
 - Novo achado arqueolóxico na nosa localidade.
 - Nós, o futuro da nosa comunidade.
- 2 Contesta.
 - Que quere dicir que o galego é unha lingua románica?
 - Que outras linguas coñeces que sexan románicas?
- 3 Elixe un dos temas e elabora dúas narracións, unha literaria e outra xornalística (unha noticia), inventando os datos que faltan.



Dous canciños que foran abandonados xa atoparon unha familia que os adopte.



As chuvias desta semana provocaron que se desbordase o río da vila.
- 4 Imaxina que escribes un texto en verso en que contas unha anécdota divertida. Pertencería ese texto ao xénero lírico? Xustifica a resposta.
- 5 Explica as principais diferenzas entre un texto dramático e un texto narrativo.

- 6 Sinala que partes dos fragmentos son obxectivas e cales son subxectivas. Cal pensas que foi o propósito dos autores en cada caso?

Texto 1

A voz da tía Natalia seguía igual: saltona e cantareira, inestable ás veces e, segundo o seu ton, mesmo se podía saber a cor do ceo ao outro lado do teléfono. Mais, cando me chamou hai un mes, a súa voz era grave, parecía vestida cun espeso abrigo de la. [...]

O tío Cándido non está en absoluto satisfeito coa súa vida, pero asumira sen rebeldías, sen ningunha ambición ser un elo máis na historia daquel negocio que levaba un século aberto. Mesmo o seu nome, un nome que recibían todos os primoxénitos da familia, lle fora atado ao pescozo da mesma maneira en que lle colgaron unha cadea de ouro coa medalla da Virxe do Carme.

ANXOS SUMAI, *Así nacen as baleas* (adaptación)

Texto 2

Liberata Ponte tiña trinta anos e levaba dezaioito a carón do mostrador, peixeira de agullas na canastra do dedal. Era un ser escuro, indefinido, incerto. Non falaba ren e pregaba as cousas coas engruñadas mans. Non tiña orgullo nin humildade, non tiña amor nin desamor. Vivía coma unha árbore, coma unha fonte, coma un penedo.

X. M.^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, *O sátiro* (adaptación)

- Describe os trazos formais dos textos descritivos poñendo como exemplo os fragmentos anteriores.



LINGUA E FALA. As vogais tónicas

Como se aprecia no cadro, en galego hai sete vogais en posición tónica. Segundo o grao de apertura, podemos distinguir vogais pechadas [i, u], medias pechadas [e, o], medias abertas [ɛ, ɔ], e abertas [a]. Segundo a localización, as vogais poden ser anteriores [i, e, ɛ], centrais [a] e posteriores [u, o, ɔ].


É moi importante pronunciar correctamente as vogais medias anteriores [e] e [ɛ] e as vogais medias posteriores [o] e [ɔ] porque nos permitirá distinguir palabras como *bola/bóla* e *pe/pé*.

		Localización		Exemplos	
		Anterior	Posterior		
Apertura	Pechada	i	u	vila	duro
	Media pechada	e	o	cesta	monte
	Media aberta	ɛ	ɔ	festa	porta
	Aberta	a		val	

- 1  Escóita o texto e elabora dous triángulos vocálicos coma os de arriba con palabras que exemplifiquen as sete vogais en posición tónica.

Bieito Dubidoso

Bieito Dubidoso era mago, e nas súas mans de alas de colibrí tremían a velocidade da luz e a exactitude do reloxo. Os seus movementos, invisibles para os espellos e as miradas, construían en espazos negros a máis vistosa e colorista das realidades. Facedor de acontecementos imposibles, das pedras que sostíña coa delicadeza do aire suspenso abrollaban pombas e voitres, mansos coellos e feroces xabarís, galiñas da Guinea que ninguén vira nunca e pavóns con colas que semellaban tal se toda a vaidade da Corte se condensase nun cadro de abaneante movemento. Pero sobre todas as cousas, sobre todos os trucos que coñecía



e que moitos sospeitaban que non eran senón poderes de natureza improbable, sobre todas as habelencias que mostraba nas súas actuacións, tiña dúas que facían medrar o estupor entre os espectadores, un asombro mestura de medo e incredulidade que lles deixaba un oco alí onde remata o corazón e onde, sen comezar nin o estómago nin os pulmóns, aniña o sentimento.

Bieito era quen de facer desaparecer unha persoa mesmo coa súa cabalgadura, e tamén de serrar o corpo de calquera e volvelo colar se quixer, sen que as vítimas se apercibisen de nada do sucedido en ambos os casos.

ROQUE CAMESELLE,
Bieito Dubidoso (adaptación)

ACTIVIDADES

1 Le o texto, marca a opción correcta e xustifica a túa elección.

- ☐ No texto nárrense uns feitos vividos polo personaxe protagonista.
- ☐ No texto faise unha descrición do personaxe protagonista.
- ☐ No texto expónse información sobre a maxia.

2 Explica coas túas propias palabras.

- Que quere dicir que Bieito tiña mans «de alas de colibrí»?
- Por que os movementos de Bieito eran «invisibles para os espellos e as miradas»?
- Que significa que Bieito construía en espazos escuros «a máis vistosa e colorista das realidades»? Relaciónase isto co tipo de animais que facía xurdir das pedras?

3 Indica a que xénero literario pertence este texto e explica por que.

- Determina se poderías incluílo nalgún subxénero concreto.

4 A que parte dunha narración podería pertencer o texto? Marca e xustifica a elección.

- ☐ Á presentación, onde se introducen os personaxes e se ambienta a acción.
- ☐ Ao nó, onde se narran os feitos protagonizados polos personaxes.
- ☐ Ao desenlace, onde se resolve o conflito.

5 Procura no texto as palabras galegas que derivan dos seguintes termos latinos.

- PETRA >
- CORPUS >

6 Escribe dous posibles títulos para o texto, un con estrutura de frase e outro con forma de oración.

Exemplo:

Frase: *Bieito, facedor de acontecementos imposibles.*

Oración: *Bieito constrúe color na escuridade.*

7 Localiza no texto os elementos que se indican.

- Dúas palabras que conteñan o son K representado con grafías distintas.
- Dúas palabras que conteñan o son B representado con grafías distintas.